



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Plan de Benestar

CIFP Leixa

Curso 2025-2026



Índice

1.Introdución	3
2.Análisis do contexto	7
2.1 Situación de partida.....	7
2.2 Contextualización lexislativa.....	8
3.Xustificación do Plan de benestar.	10
3.1 Funcións da persoa Coordinadora de Benestar	12
4.Principios do Plan de Benestar	14
5.Objectivos do Plan de Benestar.....	16
6.Cronograma básico.....	17
6.1 Ferramentas.....	24
7. Procedemento de seguimento.....	21
7.1 Accións de seguimento e modificación do plan:.....	21
7.2 Acción de avaliación.....	22
7.3 Accións de difusión.....	22
8.Comisión de benestar do CIFP Leixa.....	24



1 Introducción

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou o Plan de Benestar Emocional, que pretende acompañar as comunidades educativa para que poida ser quen de decidir como afrontar este reto colectivo do coidado emocional cunha proposta de intervención e apoiar aos centros educativo nesta tarefa.

O CIFP Leixa pretende co Plan de benestar establecer unha proposta de intervención baseada no establecido na Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia e fixar os piares da nova planificación estratéxica a seguir, segundo a Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 "Educonvives 2025".

Na contextualización deste Plan temos que ter en conta como antecedente o que se establece na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 e no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, que recolleron por vez primeira unha planificación, identificando os obxectivos a acadar no ámbito da convivencia e da igualdade no ámbito educativo.

Asemade, no ano 2015 realizase a I Enquisa de diagnose da convivencia escolar dirixida a conxunto da comunidade educativa e no ano 2019, a II Enquisa, que confirman nos seus resultados o avance no impulso de accións positivas e na consecución da mellora do clima escolar. Na III Enquisa de diagnose de convivencia dirixida ao conxunto da comunidade educativa os logros melloran con respecto ás dúas edicións anteriores (2015, 2019) e o nivel de participación tamén se ve incrementado. En canto aos resultados, o 90% dos colectivos consultados consideran que non existen problemas de convivencia nos centros ou que estes ocorren de xeito puntual. Os resultados confirman o bo clima de convivencia das aulas galegas, se ben hai aspectos susceptibles de mellora nos que cómpre seguir traballando.

Destaca a relevancia que están a gañar as contornas dixitais como escenarios a onde se trasladan os conflitos. Internet intégrase cada vez máis na nosa vida, aumentado o risco de que se produzan situacións contrarias á convivencia.

Este Plan de benestar do CIFP Leixa, incorpora o establecido no obxectivo número catro dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS) que integran a Axenda 2030, a educación inclusiva, equitativa e de calidade así como a promoción de oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas, a relevancia da convivencia escolar, a garantía da vida saudable, cara a acadar a igualdade entre mulleres e homes como parte dunha sociedade comprometida coas relacións sociais pacíficas e inclusivas. Nesta folla de ruta se incorpora o modelo ecolóxico de desenvolvemento humano, sumándose ás directrices a nivel nacional e internacional.

Atendendo a excepcionalidade que marcou a crise sanitaria da COVID-19, a cal nos sitúa ante necesidades emerxentes de actuación inmediata como a saúde mental da comunidade educativa. Con este Plan de benestar se pretende establecer as estratexias para afrontar as situacións de xestión da convivencia do centro para o desenvolvemento integral do alumnado incidindo na prevención, innovación, coeducación e educación emocional cara a incorporar aspectos de mellora nos plans de convivencia e igualdade dos centros educativos.

Neste contexto o Plan de benestar do CIFP Leixa contribuirá a garantir o establecido na Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e Adolescencia fronte á violencia, que dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo, no artigo 35.1, que refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro.

Por outra banda hai que destacar a responsabilidade da Comunidade educativa no afrontamento de retos non só para acadar unha convivencia positiva senón ademais para previr e reducir o acoso escolar e ciberacoso, a violencia de xénero, violencia dixital, a LGTBIfobia e camiñar cara a transformación dixital da sociedade. A abordaxe destes

retos pasa por elaborar un Plan de benestar que fomente o uso de metodoloxías activas eficaces e efectivas dando visibilidade as boas prácticas no tratamento da convivencia como proceso permanente e transversal de aprendizaxe que garanta as diferenzas individuais, propicien un contexto de benestar, promovan a solidariedade, a inclusión e a igualdade.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

Así mesmo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección e determinarán se estas funcións deben ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal.

Nesta mesma lei orgánica establécese que todos os centros educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, entre cuxas actividades se incluírán a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.



A Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, establece que a persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñendo accións cooperativas, e asesorará o resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

A Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

A elaboración deste Plan de benestar está xustificada no só polos aspectos que aparecen na lexislación senón ademais nos que se recollen na Estratexia galega de convivencia escolar 2025 e na Estratexia Educación Dixital 2030, establecendo neste Plan programas e recursos específicos para favorecer unha convivencia positiva, dentro dunha das liñas de actuación, a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado.

Ademais a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado e das titorías ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

2 Análise do contexto

2.1 Situación de partida

Cara a facer unha análise do contexto actual analizamos a situación de partida para a elaboración do Plan de Benestar, a partir dos datos da memoria de Coordinación de convivencia do curso 2022-2023.

Segundo este rexistro de incidencias a meirande parte dos conflitos están relacionados co mal comportamento do alumnado e co mal uso das instalacións e tecnoloxía.



Destacar que estas condutas danse a súa maioría no primeiro trimestre froito da adaptación do alumnado a un novo contexto e a normas propias da institución.

En canto ao alumnado matriculado neste **curso 2025-2026** nos atopamos coa seguinte realidade por familia profesional:

Familia	Mulleres	Homes	Total
Artes gráficas	100	60	160
Sanidade	578	97	675
Servizos á comunidade	308	43	351
Total	986	200	1186

(Datos estatísticos 25-26 pax web)

En canto á composición do claustro seguimos cunha superioridade feminina, o novo Equipo directivo presenta paridade na súa composición.

Profesorado			
Departamentos	Total	Mulleres	Homes
Artes gráficas	15	8	7
Formación e orientación laboral	7	6	1
Información e orientación profesional	2	2	0
Inglés	4	2	2
Servizos socioculturais e á comunidade	18	14	4
Sanidade	29	23	6
Totais	75	55	20

(Datos estadísticos 25-26 pax web)

No que respecta á análise de distribución por sexo no persoal de administración e servizos, a relación é do 60% de mulleres (6) fronte ao 40%, de homes (4).

Destacar o referente do CIFP Leixa no contexto social de Ferrolterra xa que no ano 2019 que recibiu a insignia de Ouro do Concello de Ferrol.



2.2 Contextualización lexislativa

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real efectiva.

-Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional.

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación, artigo 1.
- Decreto 114/2010 do 1 de xullo polo que se establece o ordenación xeral da FP.
- Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE), que impulsa a educación emocional e a formación en valores.
- Decreto 132/2022, polo que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional en Galicia.
- Instrucións da Consellería de Educación para a implantación das figuras de Coordinación de Benestar e Protección do Alumnado.
- Plan Estratéxico de Convivencia Escolar de Galicia (Plan Proxecta+

3 Xustificación do Plan de benestar.

O Plan de Benestar do CIFP Leixa, debe supoñer unha estratexia de actuación na que se implique toda a Comunidade educativa.

O seu obxectivo xeral principal é que a actividade educativa está dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade que poña en valor o benestar das persoas e a creación de espazos protexidos e seguros para toda a comunidade.

Os obxectivos específicos son:

- Favorecer o desenvolvemento emocional e a xestión do estrés no ámbito educativo.
- Previr situacións de conflito, acoso ou illamento.
- Promover un clima escolar de respecto e colaboración.
- Potenciar a implicación da comunidade educativa nas accións de coidado emocional.

Na aplicación deste Plan de Benestar resulta de especial importancia a colaboración e o apoio dos diferentes Departamentos e Coordinacións destacando a implicación que debe ter o departamento de orientación, o profesorado que exerza as titorías, o profesorado e as familias.

Estas coordinacións son recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición de cada comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade, a igualdade, a convivencia e o Benestar. Ademais, tamén constitúen un recurso clave de apoio ao alumnado por prestar atención aos momentos de inestabilidade emocional, guiando e orientando ao alumnado na xestión da súa aprendizaxe e na súa traxectoria individual.

O Plan non se limita a un segmento da poboación encadrado na comunidade educativa, o seu obxectivo resulta moito máis ambicioso, xa que as actuacións que se realizan suporán un impacto social cara a reflexión, sensibilización e transmisión de valores, para a transformación social.

Polo tanto o equipo de Coordinación de benestar no CIFP Leixa, levará accións e propiciará actividades para o benestar a convivencia e propiciar a Igualdade dentro da Comunidade educativa do centro ,actuando como unha única Coordinación para dar cumprimento aos tres Plans establecidos no centro.

A Coordinación de benestar, convivencia e igualdade se planificarán as actividades para dar cumprimento aos obxectivos deste Plan ademais dos de convivencia e igualdade actuando como unha coordinación con un fin común como é favorecer a convivencia a igualdade e o benestar.

Esta Coordinación realizará accións de asesoramento e acompañamento coas diferentes titorías, departamentos e coordinacións, en especial co DIOP.

Deste xeito, se realizarán actividades de concienciación, sensibilización e formación, tendo en conta as conmemoracións oficiais e centros de interese, buscando o equilibrio para dar cumprimento aos obxectivos deste Plan e as actividades académicas lectivas.

Se organizarán charlas e talleres que abordan diferentes temáticas e que se desenvolverán no horario das titorías da FPB e dentro do horario lectivo nos ciclos.

3.1 Funcións da persoa coordinadora

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente.

a) En coordinación co equipo directivo.

-Coordinar o plan de benestar e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión do centro.

-Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contados relacionados coas

habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

-Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

-Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

-Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

-Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

-Promover no centro unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

-Realizar a comunicación inmediata por parte do centro educativo, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación.

-Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a tutoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

-Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.



-Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

-Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

-Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais.

-Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

No CIFP Leixa se informará ás familias na xornada de presentación do centro sobre os Plans que establece o centro así como a existencia da persoa coordinadora de benestar.

4 Principios do Plan de Benestar

O Plan de Benestar do CIFP Leixa susténtase nos seguintes principios:

✓ **Individualización**

Axudando e favorecendo ao alumnado a adquisición de competencias e a mellora das que xa posúe para enfrontarse ás novas situacións. Concibamos ao alumnado como protagonista da súa aprendizaxe, para así favorecer o seu desenvolvemento integral, de maneira que poida lograr o máximo progreso a nivel persoal e académico. No marco dunha educación de calidade, equitativa e inclusiva, este centro debe constituír un espazo seguro de crecemento persoal e social, que se adapta e responde ás características particulares.

✓ **Esforzo compartido**

A convivencia escolar debe ser unha responsabilidade compartida e interiorizada por todas as persoas que forman parte da nosa Comunidade Educativa, sustentada nos valores de confianza, transparencia e proximidade. Para iso será necesaria potenciar a colaboración dentro dos diferentes Departamentos e Coordinacións que ten o nosos centro ademais de favorecer á participación e colaboración de entidades, organizacións do ámbito local, social, sanitario, así como as do "terceiro sector". É fundamental promover sinerxías entre os distintos posibles actores para o desenvolvemento de iniciativas innovadoras en beneficio da convivencia escolar.

O CIFP Leixa está integrado dentro dun Sistema de Xestión de calidade e de aí a importancia de outorgar a comunidade educativa un clima de benestar nas aulas, resultado da cooperación entre o alumnado, o profesorado, as familias, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto.

✓ **Prevención**

É imprescindible afrontar con unha actitude proactiva e anticipatoria cara á adiantarnos as dificultades, e conflitos e o xeito de previlas e ou minimizalas, constitúe a base necesaria para acadar unha convivencia positiva nas aulas. O desenvolvemento de accións informativas, formativas e de acción titorial con carácter preventivo, constituirán a

mellor ferramenta para formar e sensibilizar ao alumnado, profesorado e familias para aprender a convivir.

O enfoque preventivo ten como obxectivo preparar para xestionar os conflitos, proporcionando ferramentas de xestión emocional e de habilidades sociais para abordalos de xeito construtivo. A formación das persoas na prevención supón fortalecer nelas habilidades e capacidades como a empatía, a solidariedade, a cooperación e a colaboración, a comunicación e a negociación, para que sexan quen de abordar os conflitos de xeito positivo.

✓ **Adaptación á transformación dixital**

En consonancia coa Estratexia Educación Dixital 2030 e co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica resulta necesario informar e formar á comunidade educativa para que sexa quen de desenvolver estratexias e habilidades nesta era dixital. Este fenómeno que afecta a diversos ámbitos da sociedade e que afecta á comunidade educativa, en dous aspectos: dispoñer dos recursos necesarios para o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e do profesorado, e contar coas pautas que faciliten a convivencia na contorna dixital.

✓ **Coidado do benestar emocional**

Este principio debe contribuír a que as persoas que integran a comunidade educativa do CIFP Leixa, adquieran as habilidades interpersoais e intrapersoais necesarias para acadar un bo estado de saúde emocional. É fundamental que o profesorado teña unha adecuada xestión das súas emocións para así axudar ao alumnado no manexo das súas. A Consellería de Educación poñerá a disposición dos centros educativos as pautas e os recursos necesarios para potenciar o benestar emocional dos centros educativos.

✓ **A coeducación como estilo educativo**

Impulsarase a configuración dos centros educativos como espazos libres de estereotipos e de violencia de xénero. O estilo coeducativo implica educar no respecto e na promoción dos dereitos e das liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e na igualdade de trato e non discriminación das persoas en función da súa condición sexual.

5 Obxectivos do Plan de Benestar

Os obxectivos do Plan de benestar para o curso 2025-2026 son:

- Crear un clima adecuado de acollida que favoreza a integración rápida do alumnado de nova incorporación ao centro.
- Difundir entre o profesorado e poñer en práctica a ferramenta do Plan de Benestar Emocional así como todas as necesarias para a prevención e resolución de conflitos na aula no centro cara a crear un clima de benestar.
- Participar en actividades formativas que favorezan a socialización, a tolerancia, a solidariedade e a interculturalidade amosando modelos de habilidades sociais competentes cara a educación emocional das persoas.
- Promover actuacións formativo pedagógicas que incidan na igualdade de homes e mulleres e na non discriminación por razóns de xénero, etnia, orientación sexual, relixiosa, situación económica, e diversidade funcional, de xeito que fomenten a inclusión de todas as persoas.
- Animar ao alumnado a participar en actividades de voluntariado e concursos, mediación escolar, resolución pacífica de conflitos, traballo cooperativo entre iguais, para a promoción e a aprendizaxe do diálogo e a responsabilidade individual e colectiva.
- Favorecer o desenvolvemento emocional e a xestión do estrés no ámbito educativo.

6 Cronograma básico

O cronograma básico para realizar os obxectivos propostos para o curso 2025-2026 son:

1. Crear un clima adecuado de acollida para o alumnado novo				
Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
- Xornada de benvinda e presentación do Plan de Benestar. -Presentación da figura da coordinadora - Dinámicas de integración nas aulas.	Coordinación de Benestar Equipo Directivo Titores/as Departamento de Orientación	Plan de benestar Páxina web	Outubro-Novembro	Nº de alumnado asistente á presentación do plan de benestar

2-Actualizar o Plan de Benestar e Convivencia do centro e difundir entre os membros da comunidade educativa.				
Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
Actualización do plan de benestar e convivencia Difusión do Plan na páxina web do centro	Equipo directivo Equipo de convivencia	Plan de benestar Páxina web Aulas virtuais	Setembro-outubro	Plan actualización ao curso académico.

3-Difundir entre o profesorado e poñer en práctica a ferramenta do Plan de Benestar Emocional así como todas as necesarias para a prevención e resolución de conflitos na aula e no centro cara a crear un clima de benestar.				
Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
-Presentar a guía do plan de benestar emocional -Presentación ao claustro. - Formación interna sobre mediación escolar e resolución de conflitos.	Equipo directivo Equipo de benestar	Páxina web Correo electrónico	Primeiro trimestre	Plan de benestar emocional presentado Correo informativo ou reunión Formación interna realizada Creouse un espazo físico de referencia para a

-Creación dun espazo físico onde poder acudir o alumnado e ou profesorado cara a dirixirse á figura de referencia do Coordinador de Benestar e poder ter acceso á información.				Coordinadora de Benestar e accesibilidade informativa.
--	--	--	--	--

4-Participar en actividades que favorezan a socialización, a tolerancia, a solidariedade e a interculturalidade amosando modelos de habilidades sociais competentes cara a educación emocional das persoas.

Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
- Obradoiros de educación emocional e habilidades sociais. - Campaña "CIFP en positivo": accións de convivencia e solidariedade. - Participación en proxectos do <i>Plan Proxecta+</i> (por exemplo: "Convivencia Positiva" ou "EmocionArte").	Coordinadora de Benestar e Convivencia. Titores e profesorado. Alumnado do CIFP Leixa.	Salón e actos Dispositivos electrónicos del centro Material complementario (papel) Folla de número de participantes Folla de autorización de imaxe a persoal externo	Todo o curso	Número de asistentes (alumnado/profesorado) Número de ciclos implicados

5-Promover actuacións que incidan na igualdade de homes e mulleres e a non discriminación por razóns de xénero, etnia, orientación sexual, relixiosa, situación económica, e diversidade funcional, de xeito que fomenten a inclusión de todas as persoas.

Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
Datas e conmemoracións: 25 N 8 M 21 marzo síndrome de down 2 abril autismo.	Equipo Directivo Equipo de Coordinación de	Salón de actos Material complementario Folla de número de participantes	Todo o curso	Número de participantes. Número de ciclos implicados.



	Benestar e Convivencia Profesorado	Folla de autorización de imaxe a persoal externo		
--	--	---	--	--

6-Animar ao alumnado a participar en actividades de voluntariado, resolución pacífica de conflitos, traballo cooperativo entre iguais, para a promoción da aprendizaxe do diálogo e a responsabilidade individual e colectiva.

Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
Bancos de tempo Recreos dinámicos Patrullas de convivencia Tutoría entre iguais Coro das emocións	Coordinadora de benestar e convivencia Alumnado voluntario Equipo coordinación biblioteca Equipo Coordinación Orientación Educativa Tutores e profesores	Folla de rexistro de actividades complementarias a formación Folla de rexistro de número de participantes Folla de autorización de imaxe a persoal externo	Todo o curso	Número de alumnado voluntario implicado. Número de sesións de bancos de tempo. Número de participantes dos recreos dinámicos.

7-6. Favorecer o desenvolvemento emocional e a xestión do estrés

Actividades	Axentes implicados	Recursos	Temporalización	Indicadores de avaliación
- Sesións trimestrais de relaxación e mindfulness. - Charlas sobre saúde mental, equilibrio e motivación. - Enquisa de avaliación do clima emocional do centro.	Coordinadora de Benestar e Convivencia. Departamento de Orientación, Profesorado. Alumnado do CIFP Leixa.	Salón e actos Enquisa de avaliación	Todo o curso	Número de asistentes Enquisa realizada

6.1 Ferramentas

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou o Plan de Benestar Emocional, que pretende acompañar á comunidade educativa para que poida ser quen de decidir como afrontar este reto colectivo do coidado emocional cunha proposta de intervención e apoiar aos centros educativos nesta tarefa.

Tal e como se recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, é moi importante investir tempo e esforzo en educación emocional, pois sen un bo clima de aula e sen cohesión de grupo, o proceso de ensino e aprendizaxe complícase. Para dar resposta a un dos retos da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, que é o de dotar á comunidade educativa de estratexias e recursos que contribúan ao coidado do equilibrio e do benestar emocional dentro dunha contorna participativa, de comunicación e apoio.

A Guía para o Desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional será un recurso ao dispor do centro educativo e dirixida a toda a comunidade educativa. A formación do profesorado e a achega e elaboración de materiais propios cara a cubrir as necesidades específicas da comunidade escolar.

As actuacións poderaas levar a cabo o profesorado ou o profesorado titor, en colaboración co Departamento de Orientación e esta Coordinación.

Ademais, a persoa responsable da convivencia e do benestar do alumnado, xunto co equipo da comisión, dinamizará e acompañará o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional no centro e facilitará actividades de formación dentro e fora da contorna escolar.

Os membros da comisión deberán promover a participación do alumnado e do profesorado nas actividades formativas e dinamizadoras dentro e fora do centro.

Cando se produzan situacións de malestar en relación á convivencia e á aprendizaxe no centro educativo, se poderán poñer en marcha unhas estratexias metodolóxicas de educación pedagóxico didáctica de contido emocional e ou de resolución de conflitos.

7 Procedemento de seguimento, elaboración, avaliación e modificación do plan.

7.1 Accións de seguimento e modificación do plan.

Realizarase un seguimento mensual por parte da coordinación de benestar integrada na Coordinación de benestar convivencia e igualdade, que a súa vez será a encargada de realizar a Avaliación do Plan tomando como indicadores :

- O cumprimento da programación anual.
- A enquisa global de satisfacción sobre a execución dos contidos do plan.
- As enquisas e cuestionarios de valoración o remate de cada actividade.
- O grado de participación nas actividades e Obradoiros.
- Actividade e visitas da páxina web do CIFP.
- O número de actividades desenvolvidas de formación, concienciación e sensibilización da comunidade en prol da igualdade e a diversidade.
- Número de atencións directa co alumnado dentro do servizo de benestar emocional.
- A consecución dos obxectivos xerais establecidos.
- Recollida nas actas das coordinacións cos diferentes órganos do centro.
- Seguimento mensual co equipo de coordinación de benestar e recollida en acta das decisións tomadas así como das posibles modificacións do plan.
- Os resultados da avaliación quedarán recollidos na memoria que servirá de base para o planificación do curso seguinte.

7.2 Accións de avaliación.

Recollida e seguimento nas memorias de avaliación final en canto a consecución de obxectivos tendo en conta os indicadores de logro previamente marcados así como a súa pertinencia e eficacia.

Ferramentas de recollida de datos:

Fichas de actividades formativas.

Ficha de rexistro de asistentes.

Ficha de autorización uso de imaxe relatores.

Rexistro de entrevista segundo modelo Anexo I.

Rexistros modelo Ficha reflexión alumnos/as segundo modelo Anexo II.

Rexistro de control de número de actuacións realizadas de mediación (en elaboración)

7.3 Accións de difusión.

-Darlle publicidade ao plan de benestar e convivencia a través da plataforma moodle e páxina web do centro.

-Crear un espazo propio na aula virtual para darlle difusión ao plan de benestar e convivencia e as ferramentas, recursos, protocolos, para o profesorado e o alumnado do Plan de benestar emocional.

-Crear un espazo físico ao poida acudir o profesorado e o alumnado cara a visualizar a figura de referencia do Coordinador de Benestar e Convivencia do CIFP Leixa.

-Conseguir dinamizar os espazos do centro facendo a información mais accesible a través dos tablóns e pantallas incluíndo as demandas dos diferentes grupos e colectivos cara a favorecer a calidez do centro como un espazo de convivencia.

-Recollida de datos dos niveis de participación nas actividades por parte da comunidade educativa para o cal se elaboraran fichas de asistencia e ferramentas para a recollida e protección de datos de carácter persoal.

-Rexistro das accións que desenvolve o Coordinador de Benestar e Convivencia e seguimento das actuacións para a consecución do plan.

-E todas cantas aquelas actuacións axuden a difundir as ferramentas de educación emocional e do benestar cara a potenciar a inclusión a igualdade e a convivencia.

7.4 Actuacións de atención directa.

O plan pretende crear no centro un clima de relacións e de convivencia baseado no respecto, o diálogo e a colaboración. Este enfoque inscríbese no modelo integrado de xestión da convivencia, no cal se sustenta o estilo que propoñemos para previr e abordar

os conflitos: relación respectuosa e pacífica entre as partes en conflito, pero baixo a responsabilidade do centro, é dicir, diálogo e colaboración entre as partes, compatible co respecto ás normas e coa aplicación de sancións

Dende a Coordinación de benestar propoñemos as seguintes actividades de atención e acompañamento directo, xunto con unha serie de ferramentas para a recollida de datos das actuacións realizadas.

Todas as actuacións estarán dirixidas a atención centrada no alumnado e na procura do seu benestar emocional.

A) A entrevista educativa.

Trátase dunha entrevista orientadora, no sentido de que pretende dirixir un proceso segundo o cal poidamos chegar a acordos de actuación, respectando sempre o protagonismo do entrevistado. O procedemento consiste nunha análise de datos e unha toma de decisións reflexiva. Non se trata, pois, de que o entrevistador exprese que debe facer o entrevistado.

Anexo I: Modelo entrevista.

B) Actividade de reflexión

Se trata que o alumnado realice unha actividade reflexiva cara a tentar non volver a cometer a conduta contraria á norma de convivencia e faga un acto de contrición, pida perdón e procure aprender do erro cometido tentando non volver a repetilo.

Anexo II: Modelo ficha de reflexión alumnado.

C) Actividade de mediación e solución de conflitos.

A mediación no marco da resolución de conflitos é un xeito formal e elaborado de negociación que serve en determinados casos para transformar positivamente un conflito entre dúas partes. Moitas veces é un sistema complementario a outras intervencións. Non hai que considerala só en sentido finalista, é dicir, como procura dunha resolución definitiva dun conflito, senón como un proceso que permite tomar decisións apropiadas para a súa idade.



O conflito pódese resolver ou non, pero a través da mediación cambia a relación entre as partes e, sobre todo, quen participa nela aprende que serve para aclarar conflitos e chegar a acordos, e pódese proxectar a situacións novas. Contribúe a fomentar o diálogo e a colaboración como estilos para resolver conflitos, e iso xa é moito. A mediación transforma situacións que non resolve o método sancionador, aínda que non todas; nin sequera está indicada para todos os conflitos. O que se gaña respecto ás sancións é precisamente o seu valor educativo.

Anexo III: Pasos para resolver un conflito.

8 Comisión de benestar do CIFP Leixa

A Comisión de benestar estará formada por unha representación de docentes do centro. Se elixirá a dúas persoas alumnas e unha persoa en representación do persoal de administración e servizos.

Está comisión asume tamén as funcións e responsabilidades de igualdade e convivencia, actuando de maneira sinérxica en ambos eidos.

No curso 2025-2026 en concreto:

Cargo	Docente
Coordinadora	M ^a Teresa Martín García
Responsable	Francisco Rey Eibe
Responsable	Ricardo Melgar Freire
Responsable	Laura Brage Yañez
Responsable	María Soutullo Siverio
Responsable	Andrea Pérez Gómez



Anexo I: Modelo de entrevista

Desenvolvemento dunha sesión:

O entrevistador debe favorecer a comunicación e escoita activa co entrevistado.

“Cóntame, que pasa con..(é preciso chamar aos feitos polo seu nome sen culpabilizar).....?”

Aclarar feitos e circunstancias:

“Dende cando?”

“Cando ocorre con máis frecuencia?”

“Como se produce?”

“Por que?”

“Cantas veces?”...

Reflexo de sentimentos:

“Como te sentes cando...?”, “Como cres que se sente o outro?”, “Por que cres que actuou así?”, “Que é o que máis te molesta ou che doe?”... **Separar o feito da persoa:**

“Que máis cousas che molestan de el?”, “o sea, que dil só ten molesta..., por lo demais non tes nada na contra del”.

Necesidades:

“Que necesitas?”, “Con que te quedarías satisfeito?” Resume para ordenar e resaltar o relevante.

Peche:

Queres engadir algo máis?

-Busca e análise de solucións

“Que se che ocorre para solucionalo?” (Quen escoita pode aportar suxestións).

Analizaranse as posibilidades de cada solución, tendo en conta en cada unha se é viable, se vai a ser útil e xusta, así coma se o alumno se sente capaz de levala á práctica.

Estas son algunhas das suxestións que podemos aportar:

- Cando me chama a atención o profesor ou me enfado con alguén, expiro, espero e penso cando e como vou a dicir o que me molestou.
- Cando necesito que me atendan e non poden, obrígame a esperar con paciencia sen protestar.
- Intento entender o outro, poñéndome no seu su lugar.

- Cando me aburro ou me canso de traballar, deixo de atender ou de traballar durante unha miga, quédome sen facer nada, pero non despisto a ninguén. Cando descanse, volvo a atender ou a traballar.

Faremos explícitas as conclusións e anotarémolas antes de rematar a sesión. O resto dos datos pódense anotar con posterioridade.

Seguimento

Trala entrevista, quen atende o caso recollerá a súa intervención nun informe tipo, que, se ten que ver con problemas de disciplina, pasarase a información relevante á Xefatura de Estudos.

Tamén se informará ó titor ou a quen corresponda sobre a intervención que se está a realizar.

Valorarase que técnicas convén traballar co alumno para facilitar os seus propósitos (mensaxes en 1ª persoa, empatía, paciencia, distinguir os feitos da persoa, escoita activa, control dos enfados....).

Proporémolles ir pondo en práctica o pensamento reflexivo e as habilidades sociais, citándoo para sesións posteriores, que servirán tamén como seguimento do caso.

O caso pecharase cando se crea conveniente, deixando aberta a posibilidade de recomenzar o contacto se fose necesario.

Pecharase definitivamente cando o alumno non queira continuar, cando non acepte o adestramento nas habilidades necesarias, cando non modifica a súa conduta despois de varias sesións, no caso de que non vexamos efecto positivo na nosa intervención.

**Anexo II: Ficha de reflexión alumnado.**

ALUMNO/A.....

GRUPO.....

LUGAR DOS FEITOS.....DATA.....

HORA.....

PROFESOR/A.....

Que pasou? Conta os feitos de maneira obxectiva, sen valoracións nin críticas.

-Que, como, cando e con quen pasou? Por que actuaches así? Causas da túa actuación? Como te sentiches?

- Como cres que se sentiron os demais ? Que consecuencias tiveron os teus actos ? De que outra maneira podías actuar?

-Podes facer algunha cousa para compensar o que fixeches evitar que volva a pasar? Data e sinatura do alumno.

Nome e apelidos do alumno/a:

Data:

Firma:

**Anexo III: Pautas para resolver un conflito.**

Pautas para axudar a resolver un conflito

Trátase de estratexias, técnicas e ferramentas psicoeducativas que poderá aplicar o adulto para favorecer esta resolución de conflitos, pero que finalmente poden integrar as persoas implicadas e aplicar de maneira autónoma no seu día a día. É dicir, aquí a figura do adulto (pode ser un profesor ou outro alumnado experto) será máis de modelo/mentor e de acompañamento, pero o traballo terano que facer os nenos.

Loxicamente, dependendo da idade destes (e do seu nivel madurativo) poderemos adaptar estas pautas a unha metodoloxía ou outra.

A. Identificar o problema

Que é o que ocorreu? É importante que eles mesmos poidan verbalizar que é o que ocorreu, e poidan poñerse de acordo na versión dos feitos. Se non pode conseguirse isto, polo menos que expliquen cada un que cre que pasou, como se sentiu, etc. Identificar o problema de base é a primeira clave sobre como resolver un conflito entre nenos.

B. Ofrecer un espazo para que se expresen

En liña do anterior, outra idea clave sobre como resolver un conflito en é ofrecer un espazo de expresión emocional.

Debemos proporcionar un espazo seguro e exclusivo para que poidan expresar cómo se senten. Como lle fixo sentir a outra persoa? Cre que actuou ben? E el mesmo, actuou ben? Aquí será importante tamén que o/a outra persoa o escoite (que se escoiten mutuamente sen interromperse).

C. Fomentar a comprensión mutua

O papel do mentor será de escoita e mediación tentando seguir os pasos para a resolución do conflito. Poñer en valor a empatía a escoita e o respecto mutuo. Para iso o mentor poderá intervir ofrecendo explicacións sobre por que actuou desta maneira ou outra cada un deles. Se non chega a producirse unha comprensión absoluta do comportamento do outro, polo menos que exista o respecto entre ambos.

**D. Buscar solucións conxuntas**

Outra idea clave sobre como resolver un conflito é axudalos a que busquen solucións conxuntas. É dicir, cada un pode achegar posibles solucións ao conflito, pero o interesante sería tamén que chegasen a unha solución conxunta (por exemplo a través dunha choiva de ideas). Aquí o adulto tamén pode intervir e acompañar. Será un bo momento, ademais, para “sacarlle ferro” ao asunto (se non foi un conflito grave) e para achegar posturas, relativizar, etc.

E. Ensinarlles a manexar as emocións

A educación emocional é un factor chave que nos permitirá axudar os nosos fillos (e os nosos alumnos, familiares, pacientes etc.) na súa xestión emocional. As emocións e, especialmente as emocións intensas (como a rabia, a ira...) poden levarnos a cometer accións impulsivas, pouco acertadas ou que causen dano aos demais. É por iso que debemos practicar co exemplo e mostrarlles maneiras alternativas de actuar (evitando pegar, gritar, autolesionarse...).

alternativas a iso poden ser: reflexionar antes de falar ou de gritar e pegar, falar con calma, respirar antes de actuar, poñerse no lugar do outro, manter o calma, etc.

F. Fomentar a negociación

Outro punto chave que nos permitirá traballar como resolver un conflito entre nenos é fomentar a negociación entre ambos. Sería un punto similar ao de buscar solucións conxuntas, aínda que non o mesmo. Aquí trátase de fomentar unha especie de “trato” que inclúa a comprensión do que sucedeu e unha pauta para actuar a partir de agora: por exemplo, repartirse as quendas para ver a tele, non molestar o outro cando estea tranquilo, escoitalo antes de falar, etc. Neste sentido, debemos transmitirles a importancia de ser flexibles e abertos co outro, e o ben que poden chegar a sentirse chegando a un acordo que logo deberán respectar.

**G. Pedir desculpas en caso necesario**

Está moi ben que os nenos poidan chegar a acordos, negociar, escoitarse mutuamente... Pero ás veces, cando un dos dous actuou mal (ou máis dun), é importante que poida desculparse e ser consciente da gravidade e/ou as consecuencias dos seus actos. É por iso que debemos transmitir a importancia do perdón e do arrepentimento, e que poidan verbalizar ese perdón. O obxectivo é que o expresen de forma sincera, non “porque lles estamos obrigando”. “Equivocarse é de humanos, pero rectificar é de sabios.”

H. Realizar un seguimento da situación

Pode ser que a situación consista nun conflito puntual, ou pode ser tamén que se trate de conflitos recorrentes entre os mesmos nenos. É importante detectar este tipo de dinámicas no caso de que existan, e actuar en consecuencia. Desta maneira, realizar un seguimento da situación converterase noutro factor chave sobre como resolver un conflito entre nenos, neste caso, enfocado a previr posibles conflitos ou discusións. Isto podémolo facer de diferentes maneiras (dependendo tamén de se actuamos como mestres, educadores, terapeutas, pais...), pero o importante será observar e ir tomando nota da relación entre esas persoas.